

FRANCISCO FARIÑA BUSTO

Director do Museo Arqueolóxico

Provincial de Ourense.

Lembranzas de D. Xaquín Lorenzo Fernández

Francisco Fariña Busto

Ó facerlle frente a evocación de don Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas, que se me solicitou ó cumplirse o seu décimo cabodano, afloran en mín duas lembranzas diferentes e complementarias. A da nenez e a de actividade profesional posterior, que se entrecruzan e complementan ó lembralo, e que se asocian entre sí caseque sen separación posible.

A infantil é a dun home atento, que sempre tiña pra os rapaces, fillos dos seus amigos, un detalliño que nos engaiolaba e que era producto máxico para nós: a figuriña dun soldadiño de chumbo. E o impacto infantil, a evocación primeira nunca máis se desvanece e volve unha vez e outra á miña memoria, mixturándose logo co aprecio persoal, a amizade, a discusión apaixoada sobre un libro, unha noticia ou unha interpretación, a teimuda procura dun dato que gardaba na memoria, cando regresei a Ourense a traballar no Museo. O coñecelo, apreciabao cada pouco un chisco máis, véndoo disposto a ir aló onde conviña para falar dos seus mestres, dos seus amigos, da paisaxe e dos homes, de Galicia en fin, bromeando sempre como fai don Antonio Fraguas, cun humor fino que non por iso deixa de por de rele-



Era don Xaquín home de grande habilidade no debuxo e no traballo artesán, teimudo e perfeccionista; dispuña dun tallerciño na súa casa na que gustaba de facer aparellos de utilidade, tanto para resolver un problema fotográfico como para unha maqueta dun carro, ou de calquer trebello da terra dos que vía, debuxaba e describía.

vo a súa opinión, matizada da súa ironía.

Era don Xaquín home de grande habilidade no debuxo e no traballo artesán, teimudo e perfeccionista; dispuña dun tallerciño na súa casa na que gustaba de facer aparellos de utilidade, tanto para resolver un problema fotográfico como para unha maqueta dun carro, ou de calquer trebello da terra dos que vía, debuxaba e describía, e tamén disfrutaba facendo cousas coma aqueles xoguetes que eu lembraba no comenzo, aqueles soldadiños de chumbo, dos que fixera tamén os vaciados.

Pero máis aló desta evocación persoal, debo trasmitir tamén unha imaxe cabal e centrareime sobre unha faciana pouco coñecida da súa actividade, o seu papel como organizador e mantedor de proxectos e de publicacións, tanto na Comisión de Monumentos como no Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

As relacións familiares e a veciñanza favoceron a integración de Xaquín Lorenzo nun ambiente concreto, o dos circuitos culturais de Ourense e a súa relación con Risco, Otero e Cuevillas fíxoo partícipe, dende moi novo, de arelas e situacións nas que sempre participou. É o caso da súa colaboración coa Comisión de Monumentos que escomenza alá pola década dos trinta, cando nen a Comisión, nen o seu Boletín, nen o propio Museo pasaba polas horas máis brilan-

tes. Máis ben ó contrario, a catástrofe que supuxo o incendio de 1927, deixara mermadas as posibilidades e a situación facíase crítica. Os bens do Museo estaban repartidos en varios baixos, o Boletín precisaba dunha redacción, xa que a edade de don Marcelo Macías, a atención preferente á Biblioteca Pública de don Juan Fernández e as continuas idas e vidas doutros membros da Comisión, deixaba practicamente a don Juan Domínguez Fontela e don Florentino López Cuevillas como únicos encargados do asunto. E foi Cuevillas quen comisionou a Xocas para que botase unha man, de maneira extraoficial, tanto no Museo como no Boletín da Comisión.

Contaba logo Xocas, con certa sorna, os problemas das promesas e das idas e vindas dos fondos do Museo: dun baixo na rúa García Mosquera, fronte o Centro Provincial de Instrucción, onde se meteran provisonalmente cando o incendio, ós baixos da deputación, dalí para o antiguo Hospital das Mercedes, novamente ás caixas e ós baixos e logo, de novo, á Deputación, no pasillo do fondo da Biblioteca onde estiveran durante algúns anos máis. Dáballe vida e vivencia á situación de crise que se vivía e que reflexa o texto das Actas da Comisión, na súa sesión de vinteseis de febrero de mil novecentos trinta e catro, na que o Presidente "manifiesta que reitera la dimisión que tenía presentada por su avanzada edad de noventa años, su falta de vista y achaques, lo que no le permite

As relacións familiares e a veciñanza favoreceron a integración de Xaquín Lorenzo nun ambiente concreto, o dos circuitos culturais de Ourense e a súa relación con Risco, Otero e Cuevillas fíxoo partícipe, dende moi novo, de arelas e situacións nas que sempres participou.

atender el cargo con la actividad, celo e interés que quisiera" e o Sr. Domínguez Fontela "presenta también su dimisión, no sólo de conservador del Museo, sinó también de su cargo como vocal, fundándose en las circunstancias en que se encuentra actualmente el Museo y que solamente cooperaría a la publicación de los números que falta del Boletín del pasado año de 1933". De feito, quedan nese momento a cargo da Comisión don Cándido Cid como secretario e don Florentino López Cuevillas, que requeriu a axuda desinteresada do Xocas e contou con ela rapidamente.

E, no entanto, ía á imprenta e procuraba a correción das probas do Boletín, que paseniñamente, saía á rúa e cumpría a misión de manter vivos os intercambios dunha Biblioteca mermada, e que tamén acadou o momento do recoñecemento nunha sesión da Comisión de 13 de abril de 1943, na que don Jesús Soria, secretario da mesma, fai constar nas Actas: "*Se encarga del Boletín a don Joaquín Lorenzo Fernández, quien venía entendiendo en la edición a pesar de no ser miembro de la Comisión*", á que posteriormente se incorporaría co título de Académico correspondente da real Academia de la Historia.

Pero non acaba nisto o asunto. Man con man con Ferro Couselo, o seu grande amigo e irmán, traballa no Boletín do Museo Arqueolóxico, que sae durante ises anos (1943-1960) e ó tempo

Man con man con Ferro Couselo, o seu grande amigo e irmán, traballa no Boletín do Museo Arqueolóxico, que sae durante ises anos (1943-1960) e ó tempo procura manter vivo o propio Boletín da Comisión.

Debuxo de Xaime Quessada.

procura manter vivo o propio Boletín da Comisión, favorecendo mesmo con fondos, de xeito persoal, a súa edición e loitando para que retomase a súa andaina.Así sucedeu cos volumes XIX e, sobre todo, XX - adicado ó seu grande mestre, don Florentino López Cuevillas- do Boletín, que se encargou de organizar e sacar adiante con entusiasmo e adicación.

Posteriormente, insistíalle a Otero Pedrayo, a Ferro, a Xesús Taboada, na necesidade de reorganizar a Comisión de Monumentos, e mesmo procuraron, en 1967 como consta na documentación que se garda no Museo relativa á Comisión de Monumentos, reunir traballos para un novo volume do Boletín, o XXI, que non pasaría de ser un proxecto e que ó non callar en realidade deu paso a outra iniciativa movida directamente dende o Museo por Ferro Couselo, quen conseguíu financiación da, entonces nacente, Fundación Pedro Barrié de la Maza "Conde de Fenosa" e se lanzou o Boletín Avriense, continuador das anteriores andainas, que se manten vivo co mesmo apoio da Fundación.

E mentres vivíu, como Presidente do Grupo logo do pasamento de don Xesús en 1974, mantivo vivo ese espíritu emprendedor e organizativo, na procura de que os traballos estiveran a punto, revisándoos, interesándose por incorporar ós novos colaboradores no traballo e apoiando co seu esforzo e ánimo tódalas iniciativas. E a mesma iniciativa e preocupación mantivo en relación co Museo do Pobo Galego, un proxecto co que se identificaba directamente como prolongación dos seus anceios e o que convertiu no seu herdeiro directo, por máis que sexamos moitos quen teñamos a obriga de gardar a súa memoria e manter aceso ó lume que nos trasmitiú, dese xeito calado, rexo, e teimudo que el mesmo foi quen de facer na súa vida.